



# Surfar co Son do mar

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

Este proxecto é o resultado das inxerencias de docentes e técnicos deportivos por incluír no currículo de Ciencias da Natureza e Educación Física unha forma innovadora de chegar ao alumnado contidos relacionados co mar e co seu coidado, así coma o coñecemento e a súa conservación a través da práctica do deporte do surf.

## 2. ÁMBITO XEOGRÁFICO

Costa Ártabra. Concello de Oleiros e A Coruña.

## 3. TEMPORALIZACIÓN

Ao longo do curso escolar, de setembro a xuño.

## 4. OBXECTIVOS XERAIS DA ACTIVIDADE

Promover e divulgar o surf como actividade divertida e de aprendizaxe que permita acadar unha práctica activa e saudable. Adquirir coñecementos sobre o mar e as condicións que modifican esta modalidade deportiva (as ondas, as correntes e o vento). Respetar e valorar o ambiente coma un medio de ocupación do tempo libre.

## 5. ESTRUTURACIÓN

A actividade vai dirixida a nenos e nenas de entre 6 e 16 anos. Existen diferentes modalidades dende os cursos intensivos ata os bautismos de surf.

- Primaria: contacto co material (explicación e introdución dos diferentes materiais e modalidades), xogos na area e unha aproximación ao mar e ás ondas. Na parte principal, contacto co deslizamento e un traballo no mar acorde coas condicións que teñamos nas sesións.

- ESO e Bacharelato: Toma de contacto e explicación dos materiais necesarios e normas de seguridade. Parte técnica e táctica adaptada ás condicións do mar e posta en práctica.

## 6. MATERIAIS

Medios técnicos: táboas adecuadas á practica, traxes de neopreno, inventos, licras de identificación e crema solar. En canto ás instalacións, contamos con local para as sesións teóricas.

## 7. INSCRICIÓNS E INFORMACIÓN

Custo: contactar cos organizadores

Organizadores:

Son do Mar surf school

[www.sondomar.org](http://www.sondomar.org)

Av. Ernesto Che Guevara 115 Baixo dereita

Persoa de contacto:

Cristina Castillo 698140745; [cris@sondomar.org](mailto:cris@sondomar.org)